

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas, en sesión ordinaria celebrada o día 02/12/2013, acordou aprobar íntegramente a seguinte Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo municipal de axuda no fogar (SAF) no Concello de Cangas.

"ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE CANGAS.**ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO**

No uso das facultades concedidas polas artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, de conformidade co previsto nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de Facendas locais e sendo de aplicación o previsto no artigo 58.1.C) do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, o Concello de Cangas establece o prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

ARTIGO 2º.—CONCEPTO

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polas persoas usuarias que voluntariamente soliciten a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e lies sexa concedida de acordo co previsto no regulamento do servizo.

ARTIGO 3º.—OBRIGADOS AO PAGAMENTO

3.1.—Estarán obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar prestado polo Concello de Cangas.

3.2.—Nocaso de que estas carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES

4.1.—Responderán solidariamente da débeda as persoas ou entidades a que se refíre o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4.2.—Responderán subsidiariamente da débeda as persoas ou entidades a que se refíre o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—CONTÍA

A contía do prezo público será a resultante de aplicar, en función da capacidade económica dos usuarios, sobre un prezo básico de 11,85 € mais IVE por hora de prestación do servizo, as porcentaxes previstas nos artigos seguintes.

ARTIGO 6º. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DO SISTEMA DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS DA DEPENDENCIA

6.1.—A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

6.2.— A capacidade económica da persoa usuaria será a determinada na resolución do programa individual de atención que, consonte o previsto no artigo 38.2 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, incluíra un pronunciamento expreso sobre a participación do usuario no custo dos servizos.

*ARTIGO 7º. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS
USUARIAS DO SAF DE LIBRE CONCORRENCIA.*

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo eos seguintes criterios:

7.1.— Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

7.2.— Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

7.3.— A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

7.4.— O período que se computará na determinación da renda e do patrimonio será o correspondente ao último exercicio fiscal.

7.5.— No obstante o disposto no punto anterior, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos o período que se computara na súa determinación será o correspondente ao exercicio actual.

7.6.— A capacidade económica da persoa usuaria determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo do servizo se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual.

7.7.— Os servizos Sociais do Concello de Cangas procederán a unha revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do SAF, a efectuar no mes de xaneiro de cada ano. Todo elo, sen prexuízo de que se os Servizos Sociais teñen coñecemento dalgunha modificación na capacidade do usuario, actúen de oficio para regularizar a situación.

*ARTIGO 8º. PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS
DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS
DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.*

8.1.— No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

8.2.— Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I	GRAO II	GRAO III
Capacidade económica (referida ó IPREM)	<20 h.	<45 h.	<70 h.
< ó 100% do IPREM	0,00%	0,00%	0,00%
>do 100% e < do 115% do IPREM	4,52%	9,61%	14,70%
>do 115% e < do 125% do IPREM	5,41%	11,50%	17,58%
>do 125% e < do 150% do IPREM	5,55%	11,79%	18,03%
>do 150% e < do 175% do IPREM	5,65%	12,00%	18,35%
>do 175% e < do 200% do IPREM	5,72%	12,16%	18,60%
>do 200% e < do 215% do IPREM	5,81%	12,34%	18,87%
>do 215% e < do 250% do IPREM	6,03%	12,82%	19,61%
>do 250% e < do 300% do IPREM	6,24%	13,26%	20,29%
>do 300% e < do 350% do IPREM	6,42%	13,63%	20,85%
>do 350% e < do 400% do IPREM	6,54%	13,90%	21,25%
>do 400% e < do 450% do IPREM	6,63%	14,09%	21,55%
>do 450% e < do 500% do IPREM	6,70%	14,25%	21,79%
Superior ó 500% do IPREM	6,76%	14,36%	21,97%

Táboa cálculo de participación no financiamento SAF básico.

8.3.— Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

8.4.— En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

8.5.— As persoas dependentes valoradas con dereito de atención reconecido, usuarias das atencións e servizos complementarios do nivel básico do SAF, para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referida ao IPREM)	GRAO I				GRAO II		GRAO III	
	ASPAT	AFFP	AAS	ASPAT	AAS	ASPAT	AFFP	AAS
Ata 100,00%	0,00%	12,87%	13,76%	0,00%	22,73%	<28 h.	< 45 h	37,95%
>100% < 115,00%	5,98%	13,10%	14,00%	10,56%	23,12%	24,29%	0,00%	35,51%
>115% < 125,00%	7,15%	13,39%	14,31%	12,63%	23,64%	24,71%	16,50%	36,13%
>125% < 150,00%	7,34%	13,52%	14,44%	12,95%	23,87%	25,26%	19,73%	36,94%
>150% < 175,00%	7,47%	13,61%	14,54%	13,18%	24,03%	25,67%	20,24%	37,29%
>175% < 200,00%	7,57%	13,76%	14,70%	13,36%	24,29%	25,96%	20,60%	37,54%
>200% < 215,00%	7,68%	13,83%	14,78%	13,56%	24,42%	26,09%	20,87%	37,96%
>215% < 250,00%	7,98%	13,96%	14,91%	14,09%	24,64%	26,33%	21,18%	38,16%
>250% < 300,00%	8,25%	14,06%	15,02%	14,57%	24,82%	26,52%	21,88%	38,16%
>300% < 350,00%	8,48%	14,16%	15,13%	14,98%	25,00%	26,72%	22,01%	38,50%
>350% < 400,00%	8,65%	14,35%	15,33%	15,27%	25,33%	27,06%	22,77%	38,78%
>400,00% IPREM	8,77%	14,48%	15,48%	15,48%	25,57%	27,32%	23,40%	39,07%
							23,85%	39,57%
							24,19%	39,95%
								42,29%
								42,69%

Táboa cálculo de participación no financiamento SAF servizos opcionais.

AFFP Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia.

AAS Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

APAT Servizo de préstamo de axudas técnicas.

ARTIGO 9º. PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FÍNANCIAMENTO DO SAF DE LIBRE CONCORRENCIA.

9.1.—Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrència, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

<i>CAPACIDADE ECONÓMICA</i>	<i>Participación no custe do servizo de SAF básico</i>
Menor de 0,80 IPREM	0,00%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	o 10,00%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	o 20,00%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	o 40,00%
Maior de 2,50 IPREM	o 60,00%

9.2.—Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

9.3.—En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

ARTIGO 10º. AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Cangas en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

ARTIGO 11º.—OBRIGA DE PAGAMENTO

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a prestación do servizo correspondente e continuará ata a baixa ou suspensión do servizo.

ARTIGO 12º. LIQUIDACIÓN, RECADACIÓN E XESTIÓN.

12.1.—A liquidación do prezo público, na que constarán os datos precisos para a determinación do importe correspondente á mensuralidade que se indique nela, practicarase por meses naturais.

12.2.—Procederá o rateo da cota correspondente ao mes de inicio en función dos días que resten ata o último do mes, pasándose ao cobro xunto coa liquidación da primeira mensuralidade seguinte.

12.3.—Cando por causa debidamente xustificada, o usuario deixe de recibir o Servizo de Axuda no Fogar, o suxeito obrigado estará exento de aboar a cota mensual dende a data que se estableza na resolución acordando a suspensión. A suspensión da cota durará ata o primeiro día en que teña lugar a reincorporación do usuario ao servizo, procedendo ao rateo da cota ao igual que no caso estipulado no apartado dous. A solicitude de suspensión da cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello para resolver sobre a procedencia da suspensión con quince días naturais anteriores ao día da suspensión. En calquera caso será imprescindible o informe da traballadora social, co visto e prace da xefatura do Servizo do Centro de Benestar Social, que incorporarase ao expediente individual/familiar. Nos casos en que o órgano competente municipal resolva a non procedencia da suspensión solicitada, procederase a liquidación dos días correspondentes no caso de non ter sido liquidados con anterioridade.

12.4.—Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende a data que conste na resolución que acorde a finalización do servizo para o usuario.



12.5.—A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas por causa imputable a persoa obrigada ao pagamento, determinará a interrupción da prestación do servizo e declaración de baixa, sen prexuízo do cobro das mesmas por vía de prema.

12.6.—Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaceranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.

12.7.—Por parte do concello elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaría, para que se efectúe o pagamento.

12.8.—Se por calquera motivo o servizo non se prestara por causas non imputables á persoa usuaria, esta terá dereito a unha redución proporcional da cota mensual.

12.9.—Se por calquera motivo o servizo non se prestara por causas imputables á persoa usuaria non suporá redución algunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa ou a suspensión temporal correspondente.

ARTIGO 13º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo a cualificación das infraccións relativas a esta ordenanza así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 14º. DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

De acordo co apartado primeiro do artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o Pleno delega na Xunta de Goberno Local o establecemento ou modificación dos prezos públicos desta Ordenanza.

Disposición derogatoria

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada calquera outra ordenanza sobre o Servizo de Axuda no Fogar aprobada por este concello con anterioridade e referido a natureza desta ordenanza.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, e producirá efectos ata a súa modificación ou derogación expresa."

Cangas, 16 de decembro de 2013.—O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo Villar. **2013011316**

Anuncio de aprobación inicial

O Pleno do Concello de Cangas, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro de dous mil trece, acordou a aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da actividade de furanchos no Concello de Cangas. En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 56 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para que poida ser examinado e se presenten as reclamacións que estimen oportunas. Se transcurrido o citado prazo non fosen presentadas reclamacións ou suxestións, considerarase aprobada definitivamente a ordenanza.

Cangas, 16 de decembro de 2013.—O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo Villar. **2013011313**

*Anuncio de aprobación inicial*

O Pleno do Concello de Cangas, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro de dous mil trece, acordou a aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora do servizo municipal de Axuda no Fogar do Concello de Cangas. En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 56 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para que poida ser examinado e se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcurrido o citado prazo non fosen presentadas reclamacións ou suxestións, considerarase aprobada definitivamente a ordenanza.

Cangas, 16 de decembro de 2013.—O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo Villar. **2013011314**

* * *

O PORRIÑO*ANUNCIO DE LICITACIÓN*

Por Decreto de Alcaldía de data 29 de novembro de 2013, foron aprobados os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer na seguinte licitación:

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Concello do Porriño.
- b) Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c) Número de expediente: 41/13.

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a) Descrición do obxecto: Prestación do servizo de impartición de diversas actividades.
- b) Prazo de execución: 5 meses
- c) CPV: 92000000

3. TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Tramitación: ordinario
- b) Procedemento: aberto.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

- a) Orzamento total: 66.550 € (55.000 € + 11.550 € en concepto de IVE)
- b) Orzamento por lotes: -Lote 1: 48.400 € (40.000 € + 8.400 € en concepto de IVE)
- Lote 2: 18.150 € (15.000 € + 3.150 € en concepto de IVE)

5. GARANTÍA

Definitiva: 5% do importe de adxudicación.

6. OBTENCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- a) Perfil do contratante: www.contratosdegalicia.es
- b) Entidade: Concello do Porriño
- c) Enderezo: Antonio Palacios, 1 – 36400 – O Porriño (Pontevedra)